

# EFEGA impartirá cursos de primeiros auxilios a bordo de buques de pesca.

Mariñeiros do Morrazo aproveitan o paro biolóxico para se formar na utilización do material sanitario de rescate incluído nos barcos onde traballan.



*Mariñeiros a bordo do buque "Ana Gandón" realizando prácticas de inmovilización.*

24/11/2011 O Centro de Estudos Cangas (CEC), organiza en colaboración con EFEGA un curso de "Primeiros Auxilios para Profesionais Nautico-pesqueiros", a través da bonificación da Fundación Tripartita para a formación continua nas empresas. Máis de 20 tripulantes de todas as categorías profesionais, dende capitáns e timoneis, ata xefes de máquinas ou mariñeiros, realizarán este curso que se celebrará en dúas edicións consecutivas os meses de novembro e decembro de 2011.

Os destinatarios desta acción formativa prestan o seu traballo en buques que realizan a súa navegación en zonas situadas a máis de 150 millas náuticas do peirao máis próximo. Porén, resulta fundamental que coñezan as técnicas de rescate, inmovilización e soporte vital, que permitan a estabilización dun ferido en espera de recibir a axuda especializada que precisa.

Todos os profesionais asistentes ao curso, adquirirán os coñecementos necesarios na solicitude de axuda ao centro radiomédico e a prestación de asistencia médica a distancia, soporte vital básico e reanimación, tratamento de hemorraxias e traumatismos, así como a valoración dos distintos tipos de emerxencias. Ademais, o curso conta coa posibilidade de realizar prácticas a bordo, empregando o material de inmovilización e de reanimación do que dispón o propio barco segundo a normativa vixente.

Os interesados en recibir formación pódense informar a través da páxina web [www.efega.eu](http://www.efega.eu) ou no enderezo de correo [info@efega.eu](mailto:info@efega.eu).